

Servizo de Sanidade Ambiental

Asunto	SOLICITUDE DE INFORME NO PROCEDEMENTO DE AVALIACIÓN DE IMPACTO AMBIENTAL
Proxecto	PARQUE EÓLICO ALTO DA TELLEIRA
Promotor	ALTO DA TELLEIRA S.L.
Localización	CONCELLOS DE A CAÑIZA E COVELO (PONTEVEDRA)
Expediente	IN661A 2011/3-4

SOLICITANTE: Servizo de Enerxía e Minas da xefatura territorial de Pontevedra da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación.

FEITOS:

A Dirección Xeral de Saúde Pública recibe do Servizo de Enerxía e Minas da xefatura territorial de Pontevedra da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación con data 15/12/2021 e número de rexistro de entrada 2021/2342978, unha solicitude de informe, en relación ao estudo de impacto ambiental do proxecto de referencia.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS:

1. Solicitude de informe ao amparo do artigo 37.2 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, no procedemento de consultas ás Administracións públicas afectadas e ás persoas interesadas.

2. Na elaboración do presente informe tense utilizado de forma ampla entre outra a seguinte documentación:

- La salud en la evaluación de impactos ambientales. Guía metodológica. Sociedad Española de Sanidad Ambiental (SESA). 2011.
- Modificación do Plan Sectorial Eólico de Galicia. 2002
- Recomendación do Consello 1999/519/CE, de 12 de xullo de 1999, relativa á exposición do público en xeral a campos electromagnéticos



- Guías sobre medio ambiente, salud y seguridad para la transmisión y distribución de electricidad. Corporación Financiera Internacional (IFC) – Grupo del Banco Mundial. 2007
- Guías sobre medio ambiente, salud y seguridad para la energía eólica. Corporación Financiera Internacional (IFC) – Grupo del Banco Mundial. 2015
- International Legislation and Regulations for Wind Turbine Shadow Flicker Impact. 7th International Conference on Wind Turbine Noise. Rotterdam – 2nd to 5th May 2017.
- Guía técnica de Alemaña "Hinweise zur Ermittlung und Beurteilung der optischen Immissionen von Windenergieanlagen (WEA-Schattenwurf-Hinweise. Federal/State Working Group for Immission Control (LAI), Notes on the determination and evaluation of optical immissions from wind turbines – (January 23, 2020).
- Acuerdo para la gestión integral del uso del SF₆ en la industria eléctrica más respetuosa con el medio ambiente representados por AFBEL, las compañías de transporte y distribución de energía eléctrica representadas por REE y UNESA y los gestores autorizados residuos de gas SF₆ y de equipos que lo contienen, para una gestión integral del uso del SF₆ en la industria eléctrica más respetuosa con el medio ambiente. 2015-2020
- Real Decreto 140/2003, do 7 de febreiro, polo que se establecen os criterios sanitarios da calidade da auga de consumo humano.
- Real decreto 865/2003, do 4 de xullo, polo que se establecen os criterios hixiénico-sanitarios para a prevención e o control da lexiónelose.

De acordo con todo o indicado, emítese o seguinte



INFORME:

1. ANTECEDENTES

O presente informe realízase co obxectivo de identificar e valorar os posibles impactos no medio ambiente do proxecto obxecto de estudo que, segundo a evidencia científica dispoñible, puidesen ter unha repercusión na saúde pública. Para iso avalíase a documentación recibida con relación a dito proxecto.

É importante ter en conta que a presenza dunha fonte contaminante non é suficiente para que exista un risco para a saúde, xa que para iso ten que haber unha vía de exposición completa é dicir, unha fonte, medios ambientais e mecanismos de transporte, un punto e a vía de exposición e unha poboación receptora.

Así mesmo, o proxecto sometido a estudio é unha actividade regulada por un procedemento xeral de autorización recollido nunha normativa específica co obxecto de avaliar que a súa construción se realice co menor custo ambiental posible, establecendo mecanismos para o control e vixilancia durante as fases de construción, explotación e abandono. Polo que de cumprirse os estándares establecidos deberíase de asegurar a ausencia de efectos significativos sobre a saúde das persoas.

A avaliación do posible impacto do proxecto na saúde humana, a través do medio ambiente, realízase por tanto nas seguintes fases:

- Caracterización da poboación en situación de risco
- Determinación dos potenciais perigos
- Identificación das posibles vías de exposición

No seu caso, a avaliación poderá incluír a necesidade de medición da exposición específica da poboación a algunha posible fonte contaminante ou da necesidade do deseño dun estudo de avaliación de risco para a saúde do proxecto.

O presente informe realizase sobre a documentación achegada sen prexuízo de que unha vez coñecidas as alegacións das demais administracións públicas afectadas, público ou persoas interesadas que se podan presentar se tivera que ampliar ou modificar o alcance da avaliación.



2. AVALIACIÓN

2.1.- Caracterización da poboación en situación de risco

Refírese que o Parque eólico Alto da Telleira localízase nos termos municipais de Covelo e A Cañiza na provincia de Pontevedra. O proxecto implántase en áreas adicadas a produción gandeira e agrícola de tipo extensivo, así como por pequenos núcleos de poboación e lugares habitados.

Da revisión dos mapas e datos que se incorporan ao proxecto e dunha valoración non exhaustiva empregando o programa QGIS, no que se empregan os mapas do Plan Nacional de Ortografía Aérea PNOA e do catastro, compróbase a existencia de edificacións a unha distancia de 594 metros do aeroxerador nº8.

Na contorna do proxecto e a menos de 1800 mts dos aeroxeradores, identifícanse edificacións consideradas residenciais e servizos públicos nos núcleos potencialmente afectados que son: Carballeda, Castorregueiro, Castro, Vixiáns, Costeiriña, San Breixo, As Barcielas, A Mouta, Riocortiñas, Carmoniño, Cardezana, Cernadela, Sutibal, Moncelos, A Castiñeira, Campolongo, O Casancho, O Grandal, O Folón, A Igrexa Vella, O Panascal, As Ameixeiras, Carballal, Gundián, A Surreira, A Ucha e A Gandarela.

2.2.-Determinación dos potenciais perigos

Neste apartado realízase una identificación dos principais perigos potenciais asociados a esta actividade recollidos na bibliografía consultada e a comprobación de se se teñen avaliado no estudio.

a) Contaminantes

- Augas residuais
- Gases dos motores dos vehículos e da maquinaria.
- Outros gases: hexafluoruro de xofre (SF6) empregado nos equipos eléctricos
- Po e partículas, procedente de movemento de terras, voaduras e desprazamento de vehículos e maquinaria.



b) Ruído e vibracións orixinados por escavacións, movemento de camións e maquinaria, voaduras puntuais, construción das infraestruturas e funcionamento das turbinas eólicas.

c) Residuos perigosos e non perigosos xerados nas distintas fases do proxecto.

d) Produtos perigosos empregados nas instalacións e no mantemento das mesmas, e os residuos xerados na súa eliminación, entre outros: Aceites minerais, combustibles, gases illantes (SF6), Fitosanitarios (Herbicidas), Biocidas (protectores da madeira), etc

e) Electrocución

f) Campos electromagnéticos xerados polas instalacións.

g) Parpadeo de sombras (Shadow Flicker)

h) Outros:

- Pragas e vectores
- Arrastre de sedimentos
- Incendios
- Vertidos accidentais
- Outras emerxencias

2.3.- Identificación das posibles vías de exposición

Neste apartado valórase se se identifican adecuadamente as posibles vías de exposición ou transmisión así como a existencia de medidas construtivas ou correctoras para interromper a dita exposición.

2.3.1 Aire

•Faise referencia as emisións de po e partículas a consecuencia do tráfico de maquinaria e transporte de materiais estimando o impacto como compatible e con unha persistencia temporal en fase de construción e defínense as correspondentes medidas correctivas e protectoras ao respecto. Refírense medidas protectoras e de seguimento e vixilancia ambiental ao respecto, como por exemplo regos superficiais



sempre que sexa necesario en zonas de movemento de terras e explanacións, así como en viais de rodadura e cubrición de camiós con toldos e lonas.

- Indícase no proxecto a posibilidade de realización de voaduras, pero non refire a aplicación de medidas para minorar a proxección de po e partículas e tampouco no caso de afectación dos niveis sonoros.

- Identifícanse emisións de gases de escape como consecuencia da acción de vehículos e maquinaria durante a fase de obra e desmantelamento debido ao tráfico na zona e da maquinaria asociada, indicando o seu control a través dun plan de mantemento e seguimento de maquinaria en talleres autorizados e coas inspeccións técnicas regulamentarias.

- Referise ao emprego de gases illantes como o hexafluoruro de xofre (SF_6), gas sintético e inerte que se emprega nos sistemas eléctricos do parque, non obstante non se recollen recomendacións e medidas de xestión que se contemplan nos estándares internacionais ao respecto, de xeito que se eviten ou minimicen as súas emisións, en especial, de ser o caso na carga e descarga dos equipos que o empregan.

- Ruído e vibración

Non se establece o nivel de ruído na situación preoperacional (mediante elección de puntos receptores) para estimar a situación acústica actual nos núcleos rurais máis próximos ao parque eólico e poder obter datos de orixe e referencia, de cara a asegurar a ausencia de efectos significativos sobre o medio ambiente dos que poidan derivarse afeccións á saúde da poboación.

Non se presenta unha estimación teórica dos niveis de presión sonora durante esa fase de obras, en relación aos limiares de protección establecidos para a poboación para poder prever que non se sobrepasará o límite máximo establecido pola lexislación.

Presenta un análise tendo en conta exclusivamente as turbinas, como únicas infraestruturas causantes de ruído, empregando un software de predición acústica



Cadna-A, con escenarios que inclúen a topografía, condicionantes meteorolóxicos, etc., e considerando un escenario desfavorable.

No modelo presentado empregase para os cálculos o índice Lden (índice indicador do nivel de ruído global durante o día, a tarde e a noite, utilizado para determinar a molestia vinculada a exposición ao ruído). Presenta ademais cartografía incorporando cálculos obtidos para o Ln (nivel sonoro medio a longo prazo ponderado A), determinado ao longo de todos os períodos noite dun ano e establecendo os valores das isófonas como resultado da modelización.

Indícase que o entorno de acollida do proxecto caracterízase por ser eminentemente rural, de forma que non se atopa zonificado acústicamente, polo que, debido ao seu uso actual, e tendo en conta os tipos e limiares das áreas acústicas definidas na táboa B1 do Anexo III do R.D. 1367/2007; estase ante un caso de núcleos rurais de uso residencial, para os cales o límite permitido é de Ln 45 dB.

Indícase que non se prevé afección acústica para os núcleos de poboación existentes ao atoparse fora das bandas acústicas superiores aos Ln >45 dB(A). Non obstante, indicase que existen varias edificacións en bandas superiores a 45 dB, se ben estas non se corresponden con edificacións residenciais.

Analízase ademais atendendo a normativa vixente os efectos ocasionados polo novo parque de maneira individual e de maneira conxunta con outros parques eólicos próximos (en concreto con parque eólico Chan do Eixo), seguindo a metodoloxía descrita anteriormente (tendo en conta o índice nocturno) e concluindo que non existen núcleos que poidan ser afectados acústicamente por ambos parques eólicos.

Refírese un seguimento do control sonoro nas distintas fases (obra, explotación e desmantelamento) indicando o emprego de medidas adecuadas de cara ao cumprimento da lexislación vixente.

Os criterios empregados para os cálculos teóricos e do modelado dos niveis de ruído, así como aqueles a considerar en relación aos criterios normativos nas medicións de control a incluír no programa de vixilancia ambiental, son ámbito de competencia dos organismos con atribucións en materia de contaminación acústica.



- Campos electromagnéticos

O Parque eólico Alto da Telleira atópase composto de:

- 9 aeroxeradores: dos cales os identificados co nº 1, 2, 4, 5, 6 e 8 (mod. V162-5,6 Mw. Vestas) teñen unha altura de buxeiro de 119 m e un diámetro de rotor de 162 m; os identificados co nº 3 e 7 (mod. V162-4,8 Mw. Vestas) coa mesma altura e o mesmo diámetro de rotor e, por último, o identificado co nº 9 (mod. V150-4,8 Mw. Vestas) con altura de buxeiro de 105 metros e un diámetro de rotor de 150 m.
- 9 centros de transformación de potencia aparente 7.000 kVA e tensión 0,72/30 kV, situados no interior dos aeroxeradores.
- Rede soterrada de media tensión (30 kV), de interconexión entre os centros de transformación dos aeroxeradores e a subestación Alto da Telleira 30/220 kV. A mesma gobia incluírá cablaxe de terra e condutores de fibra óptica.
- Subestación colectora Alto da Telleira 30/220 kV. A aparellaxe de 220 kV situarase no parque de intemperie. A aparellaxe de 30 kV situarase no edificio da subestación e será de tecnoloxía baseada en celas metálicas prefabricadas de illamento en hexafluoruro de xofre. A subestación obxecto deste proxecto estará formada entre outros elementos de: transformadores, embarrado, equipos de protección e medida e batería de condensadores (segundo características indicadas en proxecto).
- Rede soterrada de alta tensión (220 kV) de 270 m, de interconexión entre a subestación Alto da Telleira e a subestación de Fontefría 400/220 kV, formada por cables enterrados en gobia, cable de comunicacións e de conexión equipotencial (segundo características indicadas en proxecto).

No referente aos campos electromagnéticos, tomase como referencia os limiares indicados no R.D. 1066/2001, do 28 de setembro, polo que se aproba o Regulamento que establece condicións de protección do dominio público radioeléctrico, restricións ás emisións radioeléctricas e medidas de protección sanitaria fronte a emisións radioeléctricas. De acordo ás recomendacións europeas o límite establécese en 5 kV/m e 100 μ T respectivamente, en zonas onde os cidadáns pasen un lapso de tempo significativo.





Aínda que non aporta estudio específico sobre o tema, dada a configuración do proxecto, con liñas eléctricas soterradas, e dada as distancias existentes e indicadas no proxecto as poboacións obxecto de posible afección, é de esperar valores inferiores aos niveis de campos eléctricos e magnéticos referenciados pola normativa. Faise notar que non se menciona o cumprimento das turbinas con respecto o establecido na normativa europea en materia de compatibilidade electromagnética.

2.3.2 Augas

- Augas de consumo

Indícase que o abastecemento de auga ao edificio de control da subestación realizarase mediante un sistema de potabilización de auga, alimentado por un pozo de barrena realizado na subestación. As características da auga cumprirán os criterios do RD 140/2003, polo que se establecen os criterios sanitarios de calidade da auga de consumo humano.

De dispoñer de sistema de auga quente sanitaria, deberán cumprirse os requisitos establecidos no Real decreto 865/2003, de 4 de xullo, polo que se establecen os criterios hixiénico-sanitarios para a prevención e o control da lexiónelose.

Dende esta Dirección Xeral, compróbase que non existen na contorna do proxecto captacións de auga para abastecemento en vixilancia sanitaria pola Consellería de Sanidade, incluídas nas bases de datos do Sistema de Información Nacional de Augas de Consumo (SINAC).

- Augas superficiais e subterráneas

Refiren a instalación de elementos de drenaxe lonxitudinais e transversais na rede viaria do parque co obxecto de non modificar o réxime hidrolóxico e permitir a libre circulación das augas.



Calquera actuación que afecte ao dominio público hidráulico, precisará ser autorizada polo organismo de bacía competente, debéndose garantir a compatibilidade do proxecto cos usos preexistentes.

Deberán extremarse as precaucións nas inmediacións das masas de augas e redes de drenaxe, para evitar vertidos de contaminantes e sedimentos ás mesmas.

- Augas residuais/vertidos
 - Augas residuais sanitarias

Indican que en fase de construción a xestión de augas residuais fecais efectuarase mediante sanitarios químicos.

No edificio de control da subestación o saneamento das augas residuais realizarase mediante a evacuación das mesmas a unha fosa séptica de 5.000 litros de capacidade instalada sobre soleira de formigón. O baleirado da fosa efectuarase de forma periódica mediante camión cisterna. Non refire a utilización dun separador de graxas para levar a cabo a depuración. A súa xestión será encargada a un xestor autorizado.

- Vertidos de zona de almacenamento e instalacións de obra

Mencionase a existencia de espazos destinados ao almacenamento de materiais, sustancias e residuos perigosos. Estes espazos estarán formados por cubetos cubertos e protexidos das inclemencias meteorolóxicas. Será individual no caso de residuos perigosos e de material impermeable e resistente para as sustancias que vaian a ser almacenadas. Os lugares de almacenamento estarán correctamente sinalizados coas correspondentes sinais de advertencia, obriga e de prohibición. Todos os recipientes estarán debidamente identificados e organizados en función da súa compatibilidade. Os residuos perigosos atoparanse envasados e etiquetados segundo a normativa vixente.





- Vertidos procedentes de transformadores a intemperie

Refiren a dispoñibilidade de pozo de recollida de posibles fugas de aceite baixo os transformadores.

2.3.3 Chan

Refiren medidas protectoras e correctoras durante a fase de obra e funcionamento, para minimizar a afección ao mesmo e para evitar posibles vertidos de materias contaminantes, referindo un seguimento de vixilancia ambiental.

- Residuos perigosos e non perigosos

Indican que todos os residuos, perigosos, non perigosos, inertes e asimilables a urbanos existentes atoparanse en zonas específicas de almacenamento nas instalacións entregaranse a un xestor autorizado, de forma que non queden restos na zona e evitar posibles afeccións ao chan. Refiren que o recinto para almacenar bidóns de residuos perigosos terán un volume útil suficiente como para albergar os residuos xerados ao longo de seis meses.

Identifícase ademais a xeración de residuos durante as diferentes fases de proxecto realizando unha estimación da magnitude de cada un de eles segundo o tipo de residuo, codificación (a través de código L.E.R.), orixe, cantidade xerada e tipo de xestión.

- Fase de construción: segundo o tipo de residuo xestionase mediante vertido en contedores de obra para posterior envío a planta de reciclaxe máis próxima ou mediante entrega a xestor autorizado.

- Fase de explotación: a xeración de residuos deberase principalmente a substitución de aceite lubricante para os elementos mecánicos dos aeroxeneradores, sendo xestionado mediante entrega a xestor autorizado, Outros residuos xerados nesta fase serán filtros de aceite, baterías, acumuladores, pilas, etc.





- Fase de abandono: os residuos xerados serán similares aos da fase de construción.

- Produtos perigosos

No caso de residuos perigosos, indican a comprobación de que a totalidade de empresas participantes na obra que os xeren, estarán inscritas no Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos.

Para a súa correcta xestión concertarán con empresa xestora autorizada para a súa recollida, transporte e tratamento rexistrándose a documentación de entrega e aceptación dos mesmos.

Indican que a eliminación da vexetación reducirase ao estritamente necesario para a execución do proxecto, sen facer uso do fogo nin fitocidas.

Non se indica a disposición de fichas de datos de seguridade de todos os materiais perigosos empregados, de maneira que se coñezan e apliquen as especificacións establecidas referentes á manipulación, almacenamento, protección, eliminación, etc.

Indícase que cumpriranse as obrigas e medidas de xestión establecidas polos organismos competentes en relación aos tipos de residuos e produtos perigosos asociados ás instalacións.

2.3.4 Outras consideracións

- Parpadeo de sombras (Shadow Flicker)

Para valorar a zona de influencia do efecto do parpadeo de sombras presentase unha análise do efecto parpadeo (Anexo nº 9) sobre as vivendas ou outras edificacións dentro do radio de 1,62 km, excepto a un dos aeroxeneradores (aeroxenerador nº 9) a 1,5 km (distancias correspondentes a 10 veces o diámetro do rotor) dende cada aeroxenerador. As vivendas e edificacións análogas son identificadas segundo información proporcionada polo Servizo de Catastro.





Indicase que se realiza un estudo do potencial de impacto mediante a ferramenta SHADOW do programa de simulación WindPRO no peor dos escenarios e tamén para o caso real.

- No "caso peor" efectuase a modelización identificando os aeroxeneradores que producen afección e os respectivos receptores ubicados nas zonas de poboación afectadas. Do estudo realizado, identifícanse 65 edificacións residenciais ou servizos públicos na alternativa de parque elixida e que segundo o modelo superarían as 30 horas/ano no "caso peor" e/ou 30 min/día de efecto parpadeo seguindo o criterio *WEA-Schafttenwurf-Hinweise*.

Para este caso como proposta de medidas proponse a realización dun control durante o primeiro ano de explotación nos receptores máis afectados de cada núcleo que podan superar o limiar. No caso de superación do limiar establecido, plantexase a programación de parada técnica temporal dos aeroxeneradores sos ou combinados de maneira que se evite a superación do devandito limiar.

- No "caso real" efectuase a modelización identificando os aeroxeneradores que producen afección e os respectivos receptores ubicados nas zonas de poboación afectadas. Para este caso téñense en conta as horas reais de sol promedio en cada mes segundo datos facilitados pola estación meteorolóxica Fornelos de Montes e tendo en conta as horas de operación do parque. Na modelización empregada indican que ningunha das edificacións supera no caso real as 30 horas anuais.

En relación ao parpadeo de sombras para "o caso real" o limiar a considerar para tomar medidas será de 8 h/ano, segundo os criterios de avaliación desta Dirección Xeral recollidos no documento "Alcance do estudo de Impacto Ambiental para parques eólicos"

<https://www.sergas.es/Saude-publica/Informes-sanitarios-avaliacion-ambiental>

Tendo en conta que no estudo do "caso real" aportado polo promotor refire unicamente o limiar de 30 horas/ano de superación polos receptores,





senalamos que se deberá considerar o efecto de sombra nas vivendas que superen o limiar de 8 horas/ano. Naquelas vivendas que superen este limiar, o proxecto deberá incorporar as correspondentes medidas protectoras, independentemente das medidas de mitigación que puideran ser necesarias na fase de funcionamento.

Respecto aos posibles efectos sinérxicos ou acumulativos de parpadeo de sombras con respecto a outros parques, estudase a posible influencia con respecto ao parque eólico Chan do Eixo localizado a menos de 2 km do parque eólico Alto da Telleira. Do estudo realizado, conclúise que non existen receptores (edificacións ou de servizos públicos) na zona común a ambos parques, polo que non se considera que exista efecto sinérxico entre os mesmos. O resto de parques localízanse máis afastados, polo que se descartan posibles efectos sinérxicos.

- O proxecto inclúe un apartado onde se analiza a vulnerabilidade do proxecto fronte accidentes graves ou catástrofes, identificando as ameazas potenciais tanto internas (debido a operación do parque, incendio en aeroxeneradores, liñas eléctricas, etc.) como externas (inundacións, terremotos, tormentas eléctricas, etc.), así como a avaliación de si as ameazas identificadas se producirán.

En canto ao risco sísmico indicase que o parque eólico non se sitúa nunha zona risco.

A avaliación do risco ou da necesidade de establecer medidas de xestión do mesmo, en relación aos aspectos mencionados, son ámbito da competencia dos organismos con atribucións en materia de prevención e xestión de riscos derivados de accidentes graves ou catástrofes.

- Ao respecto da seguridade contra incendios indícase que darase cumprimento ao R.D. 2267/2004, de 3 de decembro, polo que se aproba el Regulamento de Seguridade contra Incendios nos Establecementos Industriais e o R.D. 513/2017, de 22 de maio, polo que se aproba o Regulamento de Instalacións de protección contra incendios. En fase de construción e desmantelamento





tamén disporán dun Plan de Emerxencia Ambiental e presentaran o “Plan de prevención contra incendios forestais” para dar cumprimento ao Decreto 105/2006, de 22 de xuño, polo que regulan as medidas relativas a prevención de incendios forestais.

- Non se indica que dispoñen dun sistema integrado de control específico no caso de que as instalacións ou actividades a desenvolver durante a fase de obra ou explotación sexan susceptibles de verse afectadas por pragas ou vectores.

3. CONCLUSIÓNS

- O presente informe realízase exclusivamente sobre a documentación remitida, avaliando se no estudio se tiveron en conta, identificaron e valoraron os posibles impactos no medio ambiente que, segundo a evidencia científica dispoñible, puidesen ter unha repercusión na saúde humana.

Da análise da documentación aportada para o proxecto Parque eólico Alto da Telleira desenvolvida ao longo do noso informe, e sen prexuízo das atribucións na materia dos organismos competentes, conclúese que non se recolle información ou esta é insuficiente sobre os seguintes aspectos que poden ter repercusións sobre a saúde da poboación, e que estimamos necesario se aporten para a súa consideración:

- Ao respecto da posibilidade de realización de voaduras non refire a aplicación de medidas para minorar a proxección de po e partículas e tampouco no caso de afectación dos niveis sonoros.
- Mencionase no proxecto técnico e de subestación o emprego de gases illantes como o SF₆, sen embargo non se contempla as recomendacións e medidas de xestión que se contemplan nos estándares internacionais ao respecto, de xeito que se eviten ou minimicen as súas emisións, en especial, de ser o caso na carga e descarga dos equipos que o empregan.
- Non se establece o nivel de ruído na situación preoperacional (mediante elección de puntos receptores) para estimar a situación acústica actual nos





núcleos rurais máis próximos ao parque eólico e poder obter datos de orixe e referencia, de cara a asegurar a ausencia de efectos significativos sobre o medio ambiente dos que poidan derivarse afeccións á saúde da poboación.

- Non se presenta unha estimación teórica dos niveis de presión sonora durante esa fase de obras, en relación aos limiares de protección establecidos para a poboación para poder prever que non se sobrepassará o límite máximo establecido pola lexislación.
- De dispoñer de sistema de auga quente sanitaria, deberán cumprirse os requisitos establecidos no Real decreto 865/2003, de 4 de xullo, polo que se establecen os criterios hixiénico-sanitarios para a prevención e o control da legionelose.
- Non se describe se a fosa séptica consta dun separador de graxas para a súa depuración.
- Non se indica a disposición de fichas de datos de seguridade de tódolos materiais perigosos empregados.
- En relación ao parpadeo de sombras para "o caso real" o limiar a considerar para tomar medidas será de 8 h/ano. Naquelas vivendas que superen este limiar, o proxecto deberá incorporar as correspondentes medidas protectoras, independentemente das medidas de mitigación que puideran ser necesarias na fase de funcionamento.
- Non se indica que dispoñen dun sistema integrado de control específico no caso de que as instalacións ou actividades a desenvolver durante a fase de obra ou explotación sexan susceptibles de verse afectadas por pragas ou vectores.

Santiago de Compostela, na data e hora da sinatura dixital

O xefe do Servizo de Sanidade Ambiental

Manuel Álvarez Cortiñas

